



## **CONDICIÓN DA ACREDITACIÓN DE PRENSA**

- A acreditación de prensa é persoal e intransferible, podendo ser utilizada única e exclusivamente pola persoa acreditada.
- A acreditación persoal deberá levarse sempre en lugar visible.
- A seguridade é prioritaria. Toda persoa acreditada deberá seguir en todo momento as indicacións da organización e das forzas e corpos de seguridade.
- Está terminantemente prohibido situarse en zonas prohibidas ao público ou consideradas inseguras durante o desenvolvemento dos treitos.
- A persoa acreditada asume, baixo a súa exclusiva responsabilidade, o risco derivado da cobertura dunha proba automobilística.
- Toda persoa acreditada deberá dispoñer dunha licenza de prensa e/ou dun seguro persoal de accidentes que cubra posibles danos.
- A organización e o evento quedan eximidos de calquera responsabilidade derivada dos danos sufridos ou ocasionados pola persoa acreditada.
- Os vehículos con pase de prensa deberán respectar en todo momento as vías de evacuación e non circular polas zonas restrinxidas aos vehículos de competición.
- O distintivo de prensa para o vehículo deberá colocarse nun lugar visible do parabrisas dianteiro.
- En caso de perda ou extravío da acreditación, deberá comunicarse inmediatamente ao xefe de prensa.
- Tanto as acreditacións persoais coma os distintivos para vehículos son propiedade da organización.
- A organización resérvase o dereito de retirar calquera acreditación ou distintivo en caso de uso indebido ou incumprimento destas normas.

